

Tribunal cualificador das probas selectivas convocadas pola USC para o acceso á escala administrativa, subgrupo C1, para cubrir 8 prazas pola quenda de acceso libre, convocadas por Resolución Reitoral do 21 de decembro de 2023 (DOG núm. 220 do 11/01/2024)

O tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso á escala administrativa, subgrupo C1, para cubrir 8 prazas pola quenda de acceso libre, da Universidade de Santiago de Compostela en sesión celebrada o día 18 de marzo de 2025, ACORDOU:

PRIMEIRO.-Facer públicos os **criterios de corrección** das probas correspondentes ao segundo exercicio que terá lugar o **sábado día 29 de marzo de 2025, ás 10:00h, na Sala A “José Afonso” da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Campus Norte, Avda. do Burgo, s/n, Santiago de Compostela.**

SEGUNDO: Este exercicio cualificarase de 0 a 40 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 20 puntos. O tribunal acordou fixar o número de respostas correctas para obter 20 puntos e superar o exercicio en 88 respostas correctas netas.

Cada pregunta respondida incorrectamente descontará un cuarto ($\frac{1}{4}$) dunha pregunta respondida correctamente.

TERCEIRO: As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinale máis dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respostas que estea en poder do tribunal, non computan.

CUARTO: As preguntas de reserva, numeradas da 121 a 125, entrarán por orde a substituír ás preguntas que puidesen ser anuladas no caso de estimarse a reclamación.

QUINTO: Infórmase ás persoas aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas aspirantes deberá vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir).
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de lapis do número 2 e goma de borrar.

- Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión do exame.
- A entrada á proba será de acordo coa orde de chamamento, que se iniciará a partires das 10:00 horas, comezando pola letra V.

Lémbrese aos e ás aspirantes que o tempo máximo de duración do exercicio será de 120 minutos dende que o tribunal indique o seu inicio, agás para aquelas persoas que teñan concedida algunha adaptación que supoña ampliación do tempo establecido.

A presidenta do tribunal,
Minia García Angulo

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MINIA GARCIA ANGULO, XEFE A DA SUBAREA DE CONTABILIDADE,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 20/03/2025 14:06:01.

CSV: 0FFC-7E36-4AC5-86EF